



Interpretación do resultado dos test serolóxicos de determinación de anticorpos anti-SARS-CoV-2 (IgG/IgM).

As probas serolóxicas para a determinación de anticorpos anti-SARS-CoV-2 (IgG/IgM) teñen como obxectivo identificar ás persoas que desenvolveron unha resposta inmune fronte ao virus e ademais, ofrecen a posibilidade de detectar a enfermidade activa de varios días de evolución. Tras 5-7 días da infección por SARS-CoV-2 xéranse anticorpos de tipo IgM (detectándose mellor polos test aos 8-14 días) e pasados entre 15 e 21 días aparecen os anticorpos de tipo IgG.

Esta proba interpretarase da seguinte maneira (táboa 1):

- ⑩ **IgG+ e IgM-:** caso confirmado con infección resolta.
- ⑩ **IgG+ e IgM+:** realizarase unha PCR de confirmación diagnóstica:
  - 📄 Se a PCR é negativa trataríase dun caso confirmado con enfermidade resolta.
  - 📄 Se a PCR é positiva estaríamos ante un caso confirmado con infección activa e indicaría-se illamento domiciliario.
- ⑩ **IgG- e IgM+:** realizarase unha PCR de confirmación diagnóstica:
  - 📄 Se a PCR é negativa e dado que o traballador está asintomático, non habería infección activa.
  - 📄 Se a PCR é positiva estaríamos ante un caso confirmado con infección activa e indicaría-se o illamento domiciliario.
- ⑩ **IgG- e IgM-:** descartaría-se infección.

O procedemento a seguir naqueles casos que sexa necesario a solicitude dunha proba PCR será o seguinte:

- ⑩ Aqueles casos nos que sexa preciso realizar unha PCR, deberán poñerse en contacto co seu médico de familia, indicando que ven de realizarse un test de anticorpos (relacionado co cribado de profesionais de odontoloxía) e que o resultado determina que é necesaria a realización dunha PCR.





- ⑩ O seu médico de familia levará a cabo as xestións oportunas para a solicitude de toma de mostra (de ser PCR, no “COVID-auto”) e seguirá polo procedemento establecido para dito trámite.
  
- ⑩ O seguimento dos casos con PCR positiva será realizado por un médico de familia. A identificación e seguimento dos seus contactos estreitos realizarase pola Central de seguimento e a Xefatura Territorial de Sanidade correspondente segundo o protocolo establecido.



	Resultados test anti-corpos	Interpretación resultado
TRABALLADORES ASINTOMÁTICOS	IgG+ e IgM-	Caso confirmado con infección resolta
	IgG+ e IgM+	Realización de PCR de confirmación diagnóstica: -PCR <b>negativa</b> : caso confirmado con enfermidade resolta. -PCR <b>positiva</b> : caso confirmado con infección activa. Indicarase illamento domiciliario.
	IgG- e IgM+	Realización de PCR de confirmación diagnóstica: - PCR <b>negativa</b> : non habería infección activa. - PCR <b>positiva</b> : caso confirmado con infección activa. Indicarase illamento domiciliario
	IgG- e IgM-	Descartaríase infección

Táboa 1. Clasificación de caso a partir de test serolóxicos IgG/IgM.

